

## **PROTOCOLO DE VOLUNTARIO RESPONSABLE**

Soamente se poderá ser voluntario responsable, despois de estar polo menos dous anos como voluntario, con asistencia polo menos dun día á semana, despois da reunión e proposta dos voluntarios responsables á dirección, sendo soamente a Dirección do Centro quen nomee ao novo voluntario responsable, dándolle un carné de voluntario responsable así como unha chave.

Ten que deixar os seus datos persoais completos na ficha de voluntarios para o seguro de voluntarios e o carné que se lles dá.

Ten que estar ao día nas vacinas do tétanos.

O voluntario responsable ten que asistir ás reunións do Centro, perdendo o seu cargo de voluntario responsable se falla con frecuencia ou 2 veces seguidas ás reunións, para isto as reunións convocaranse con tempo suficiente. Nas dúas semanas seguintes da reunión, daranse por escrito as conclusións de dita reunión.

O voluntario responsable se compromete a cumprir tódalas normas do Centro, facéndoas cumprir ao resto dos voluntarios que estean o seu cargo.

Será en derradeiro termo él, o responsable de que todo quede limpo e ordenado no Centro.

Se hai algunha incidencia será quen llo comunique a Dirección ou ao persoal do Centro se a urxencia o require, informando o antes posible á Dirección, deixándollo apuntado na folla diaria.

Ao chegar ao Refuxio terá que ler a axenda de voluntarios, para ver as novidades así como para deixar apuntadas as que sucedan, ao marchar terá que deixar apuntado os voluntarios responsables que viñeran así como os voluntarios e as incidencias.

Se non pode vir ao Centro terá que arranxar que o seu posto quede cuberto, en caso de non poder vir, terá que comunicarllo ao Centro, así como aos voluntarios que estean o seu cargo para que non se acheguen ao Centro. O Refuxio non organiza os quendas ou cambios de quendas dos voluntarios.

Si se quere deixar de ser voluntario responsable tense que comunicar á Dirección do Centro deixándolle as chaves e o carné.

Se de forma reiterada nos se cumpren as normas do Centro, terá que deixar o seu cargo de voluntario responsable.

A Dirección en derradeiro termo decidirá a continuación no cargo do voluntario responsable.

## **ELECCIÓN DO REPRESENTANTE DO VOLUNTARIADO**

O Representante do Voluntariado será elixido entre os voluntarios responsábeis, tendo en conta a súa antigüidade, dedicación e calidades.

La elección farase por votación dos voluntarios responsábeis que se presenten como candidatos, presentándose á Dirección os 2 candidatos mais votados, quen en derradeiro termo elixirá entre eles á persoa máis axeitada ao cargo de Representante do Voluntariado. Un será o representante e outro o substituto se o primeiro non poderá asistir a algunha reunión.

Se non se presentasen candidatos candidatas á elección do Representante do Voluntariado, a praza quedaría valeira.

O cargo do representante e substituto será de 4 anos, podéndose variar a duración por baixa voluntaria dalgún deles o por solicitude da maioría dos voluntarios responsábeis, expoñendo as causas da substitución do representante e substituto.